

Obxecto:	Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) sobre o Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e Proxecto sectorial (PS)
Proxecto:	Parque eólico Solpor
Localización:	Ordes e Mesía (A Coruña)
Promotor :	Green Capital Power S.L.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN408A 2018/26
Data rexistro:	03.08.2022
Expedientes:	03.I.519.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA2992/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 03.08.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) a nova documentación achegada por Green Capital Power S.L. que dá resposta ao informe da DXPC emitido con data 30.05.2022 relativo ao EslA e PS do Parque eólico Solpor, e achega como documentación adicional a "Memoria refundida de avaliación de impacto sobre el patrimonio cultural", asinada o 26.07.2022 polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar, da empresa ZETA ARQUEOLOXÍA S.L.

ANTECEDENTES

O 11.07.2018 a DXPC autorizara o arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar para realizar a Prospección arqueolóxica para a avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural do Parque eólico Solpor (concellos de Ordes e Mesía, A Coruña) (cód.ED 102A 2018/356-0), promovido por Green Capital Power S.L.U.

O 09.06.2020 a DXPC emitira un informe de consultas na avaliación de impacto ambiental ordinaria do proxecto Parque eólico Solpor no que se indicaba que era necesario que o Estudo de Impacto Ambiental incorporase unha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural, para o que se terían en conta varias consideracións.

O 30.05.2022 a DXPC informou que para poder emitir un informe favorable dos documentos Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Solpor, outubro 2021, e Proyecto Sectorial Parque Eólico Solpor, outubro 2021, nos termos municipais de Ordes e Mesía (A Coruña), era necesario que se modificasen, corrixisen e completasen os seguintes aspectos:

- Buscaranse alternativas de acceso aos aeroxeradores SOL-01 e SOL-02 que eviten afectar os contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos existentes, dado o alcance das obras que se tiña previsto realizar na contorna destes (desmontes, ampliacións dos radio de curva, gabias de cableado, etc), e que suporían un impacto severo sobre os mesmos.
- Deberá completarse o estudo de impacto ambiental cos xacementos da Mámoa da Canteira Pequena 2 (GA15059018) e a Mámoa da Cruz da Queiroa (GA15059078). Asemade terá que revisarse en campo a referencia a un posible túmulo megalítico, a Mámoa da Cruz de Queiroa 2 (REF15059014), debendo clarificarse se pode ser considerado como un xacemento arqueolóxico, e, de ser o caso, avaliarase o impacto e estableceranse as medidas correctoras necesarias.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda. Esta avaliación do impacto terá en conta o seguinte:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan Básico Autonómico de Galicia.



- Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
- Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Sen prexuízo do anterior, adiántanse as seguintes medidas protectoras e correctoras que se deberán ter en conta:
 - Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
 - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra no contorno de protección dos bens arqueolóxicos ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras.
 - Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos que serán ocupados polas plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico, que terá carácter presencial, continuo, intensivo e a pé de obra.
 - Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación in situ dos mesmos.
 - Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.

Respecto do Proxecto sectorial

- Deberá completarse con todos os elementos de patrimonio cultural, valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental. Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do devandito estudo deberán recollerse para que haxa correspondencia entre os dous documentos.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*



- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.(DOG núm. 126 do 04.07.2022).*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20 do 01.02.2021)*

Análise do documento e consideracións técnicas:

De cara a dar resposta ás peticións expresadas no informe da DXPC, a entidade promotora decidiu reformular o deseño do parque e actualizar e presentar unha "Memoria refundida de avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico Solpor, concellos de Ordes e Mesía (A Coruña)". A nova documentación sinala o seguinte:

- Que se acepta o contido do informe remitido e que adapta o novo proxecto e a memoria arqueolóxica aos condicionados emitidos pola DXPC con respecto ao parque eólico Solpor.
- Desprázase o aeroxerador SOL-02 por mor de que a súa plataforma tocaba área de cautela dun elemento arqueolóxico. Con este desprazamento sácase da área de cautela a obra nova que é necesaria para a construír o devandito aeroxerador SOL-02 (achéganse as coordenadas UTM da nova localización proposta).
- Desprázase a subestación e a liña de evacuación do parque eólico Solpor polo descubrimento dun novo túmulo na parcela con referencia catastral 15060A51500051, pertencente ao concello de Ordes (achéganse as coordenadas UTM da nova localización proposta).
- Inclúense os xacementos arqueolóxicos GA15059018 e GA15059078, tal e como se solicitaba no informe da DXPC de 30.05.2022. En relación á RE15059014, tamén citada no devandito informe, apréciase unha pequena elevación no terreo, sen morfoloxía clara e sen máis atributos, polo que non foi posible asegurar a súa natureza arqueolóxica coas ferramentas dispoñibles en prospección.
- Na memoria refundida recóllense as modificacións do proxecto para evitar obras nas zonas de cautela arqueolóxica e consisten en:
 - Desprazamento uns metros dos aeroxeradores SOL-02 e SOL-05.
 - Cambio de emprazamento da subestación e apoios da liña de evacuación, do aeroxerador SOL-04 e da torre meteorolóxica.

Inclúese unha táboa cos 19 elementos do patrimonio cultural identificados dentro da poligonal e outra táboa cos 6 elementos localizados no buffer dos 200 m das obras, todos eles arqueolóxicos. Asemade, aínda que fóra da poligonal, inclúese a ficha do Camiño de Santiago-Camiño Inglés, non considerando que exista impacto directo.

Indícase tamén a existencia de valados de pedra en seco na zona de estudo e propónse como medidas correctoras xerais para este tipo de peches o control e seguimento arqueolóxico, o rexistro dos tramos afectados previo á súa desmontaxe e a súa restitución, sempre que sexa posible, co mesmo material e sistema construtivo.

A nova valoración dos impactos sobre os bens arqueolóxicos que se fai nesta memoria é a seguinte:

Xacemento arqueolóxico	Axente de impacto	Valoración do impacto
------------------------	-------------------	-----------------------



Medorra de Faramilláns (GA15059010)	A infraestrutura máis próxima ao elemento (197 m ao leste) é o vial que vai cara á máquina SOL-01, deseñado sobre unha pista de concentración parcelaria existente, con mínimos movementos de terras, a maioría deles no lado oposto ao que se atopa o elemento. Estudáronse alternativas para este vial, tal e como se indicaba no informe da DXPC do 30.05.2022, pero todas elas implicaban, ou ben saírse da poligonal, ou ben tramos de nova execución moi amplos, aumentando a afección a zonas non alteradas previamente.	Coa aplicación das medidas correctoras propostas considérase o impacto compatible.
Mámoa da Cruz de Queiroa 1 (GA15059078)	A infraestrutura máis próxima ao elemento (a uns 152 m ao NNW), é a plataforma da máquina SOL-02. Esta infraestrutura deséñase no tramo dentro de cautela sobre unha pista de parcelaria existente, con mínimos movementos de terras, a maioría deles en terraplén.	Coa aplicación das medidas correctoras propostas considérase o impacto compatible.
Mámoa do Rego Castrexo (GA15059083)	A infraestrutura máis próxima (61 m ao SE) é o vial cara á máquina SOL-02. Esta infraestrutura deséñase sobre unha pista de parcelaria existente, con mínimos movementos de terras. Estudáronse alternativas para este vial pero todas elas implicaban, ou ben saírse da poligonal, ou tramos de nova execución moi amplos, aumentando a afección a zonas non alteradas previamente.	Tendo en conta a proximidade das obras, e coa aplicación das medidas correctoras que se propoñen, considérase o impacto moderado.
Túmulo dos Meancos 1 (GA15059088)	A infraestrutura máis próxima (uns 53 m ao norte) é o vial cara á máquina SOL-01. Esta infraestrutura deséñase sobre unha pista de parcelaria existente, con mínimos movementos de terras. Estudáronse alternativas para este vial, pero todas elas implicaban, ou ben saírse da poligonal, ou tramos de nova execución moi amplos, aumentando a afección a zonas non alteradas previamente.	Tendo en conta a proximidade das obras, e coa aplicación das medidas correctoras propostas, considérase o impacto moderado.
Túmulo de Meancos-Túmulo 01	A infraestrutura máis próxima (uns 10 m ao norte) é o vial que vai cara á máquina SOL-01. Esta infraestrutura deséñase sobre unha pista de parcelaria existente, con mínimos movementos de terras. Estudáronse alternativas para este vial, pero todas elas implicaban, ou ben saírse da poligonal, ou tramos de nova execución moi amplos, aumentando a afección a zonas non alteradas previamente.	Tendo en conta a proximidade das obras, e coa aplicación das medidas correctoras propostas, considérase o impacto moderado.
Túmulo da Braña da Ponte- Túmulo 02	A infraestrutura máis próxima (68 m ao sur) é o vial cara á máquina SOL-03, deseñado sobre unha pista de parcelaria existente, con mínimos movementos de terras. Estudáronse alternativas para este vial pero todas elas implicaban, ou ben saírse da poligonal, ou tramos de nova execución moi amplos, aumentando a afección a zonas non	Tendo en conta a proximidade das obras, e coa aplicación das medidas correctoras propostas, considérase o impacto moderado.



	alteradas previamente. Doutra banda, modificouse a posición da SET e zona de provisións, así como dos primeiros apoios da LAAT e a plataforma da SOL-03, para situalos fóra da cautela subsidiaria do elemento.	
--	--	--

- Como medida correctora xenérica, propónse realizar o control e seguimento arqueolóxico das obras, sobre todo nas fases de replanteo e remocións de terras. Deste xeito, algún posible elemento do patrimonio cultural de natureza invisible ou non localizado previamente podería ser detectado en fase de obra, adoptando as medidas correctoras máis idóneas nese momento.
- Como medidas correctoras de carácter xeral para o conxunto da obra, que deberán aplicarse en toda a área de ocupación e incidencia do proxecto, hai que sinalar as seguintes:
 - Comunicar con antelación suficiente ao equipo de arqueólogos/as encargados do control e seguimento arqueolóxico das obras, a localización tanto das posibles zonas de provisión ou préstamo, como de calquera outra obra non recollida na planimetría nin no proxecto, en previsión de que posibles elementos patrimoniais, actualmente non identificados, poidan resultar afectados pola execución das obras.
 - Unha revisión pormenorizada de todo o replanteo previo ás obras para verificar que estas non afecten a elementos do patrimonio cultural non recollidos no presente estudo de impacto.
 - Incluír nos planos das persoas responsables de obra os elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas.
 - No caso de que o proxecto afecte a algunha manifestación relevante e artellante do territorio, como poden ser exemplos de valados tradicionais, que se poidan incluír no recollido na Resolución do 31.08.2016, da DXPC, pola que se inclúe no Censo do patrimonio cultural a técnica tradicional da construción coa pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial, estes elementos serán conservados na medida do posible, e rexistrados de forma exhaustiva no caso de afección directa.
- Por outra banda, tamén se propoñen unhas medidas correctoras de carácter xeral para os xacementos ou elementos de interese patrimonial que poidan ser localizados durante as fases de replanteo ou construción:
 - Balizamento de cada elemento antes do comezo das obras cun material que resulte non perecedeiro e que deberá permanecer durante toda a fase de obra e ata que estas finalicen de maneira definitiva.
 - Sinalización dos elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas na planimetría de obra.
 - Prohibición de calquera tipo de remoción non controlada nas súas inmediatezas.
 - As obras na contorna dos xacementos deberán restrinxirse ao proxectado.
 - Recoméndase ademais o control e seguimento de todas as remocións a realizar nas proximidades dos elementos patrimoniais para verificar a existencia ou ausencia de materiais, restos ou estruturas de carácter arqueolóxico ou histórico vinculadas ao elemento.
- Por último, propóñense unha serie de medidas correctoras específicas para aqueles elementos que presentan algún tipo impacto:
 - Medorra de Faramilláns (GA15059010). Ademais das medidas correctoras xenéricas, propónse realizar o control arqueolóxico presencial de todas as obras a executar dentro da cautela do elemento.
 - Mámoa da Cruz de Queiroa 1 (GA15059078). Ademais das medidas correctoras xenéricas, propónse realizar o control arqueolóxico presencial de todas as obras a executar dentro da cautela do elemento.



- Mámoa do Rego Castrexo (GA15059083). Ademais das medidas correctoras xenéricas, propónse realizar o control arqueolóxico presencial de todas as obras a executar dentro da cautela do elemento.
- Túmulo dos Meancos 1 (GA15059088). Ademais das medidas correctoras xenéricas, propónse realizar o control presencial de todas as obras a executar dentro da cautela do elemento.
- Túmulo dos Meancos (Túmulo 01). Ademais das medidas correctoras xenéricas, propónse realizar o control presencial de todas as obras a executar dentro da cautela do elemento.
- Túmulo da Braña da Ponte (Túmulo 02). Ademais das medidas correctoras xenéricas, propónse realizar o control de todas as obras a executar dentro da cautela do elemento.
- A memoria refundida conclúe indicando que o deseño do proxecto foi modificado en varios puntos, para adaptarse ao criterio da DXPC de non invadir zonas de protección de xacementos arqueolóxicos con obras de nova execución. Expón que se cumpriron ademais as especificacións incluídas no informe da DXPC de 30.05.2022, para evitar as afeccións do proxecto inicial e mellorar a implantación en relación coa protección do patrimonio cultural da súa contorna. Doutra banda, salientase que se primou o aproveitamento de zonas afectadas de maneira previa, modificando pistas existentes para o deseño de viais de acceso. A teor diso e mais das características das obras a executar e a súa situación con respecto aos elementos do patrimonio cultural, fai que coa aplicación das medidas correctoras propostas, indícase que as obras non suporían un risco elevado de afección sobre o patrimonio cultural situado na contorna do proxecto.

Unha vez analizada a documentación, pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- Respecto ás alternativas de acceso aos aeroxeradores SOL-01 e SOL-02 que se pediron no informe da DXPC, indícase que se estudaron pero todas elas implicaban, ou ben saírse fóra da poligonal, ou ben executar tramos de nova execución moi amplos, que aumentarían a afección a zonas non alteradas previamente. Asemade indícase que os viais deséñanse sobre pistas de concentración parcelaria existentes cuxo acondicionamento levaría mínimos movementos de terras, xa que se formulan no lado contrario da pista a onde se sitúan os xacementos arqueolóxicos e se priman os terrapléns. Porén, nalgún dos casos os viais que cómpre acondicionar sitúanse preto dos xacementos, como no caso do Túmulo de Meancos-Túmulo 01, situado a 10 m. Por tanto, as medidas correctoras deben ir máis alá do control e seguimento arqueolóxicos presencial, e tratar de anticipar posibles afeccións con sondaxes previas.
- Na nova documentación identifícase un novo impacto no contorno de protección de 200 m da Mámoa da Cruz de Queiroa 1 (GA15059078), e que estaría motivado polo desprazamento da posición do aeroxerador SOL-02 uns 20 m cara ao sur, para que a cimentación deste non invada o contorno de protección de 200 m da Mámoa do Rego Castrexo (GA15059083), situada ao norte. O axente de novo impacto é a construción da plataforma de guindastre, que se proxecta sobre unha pista de parcelaria existente que sería revexetada unha vez se rematen as obras. A devandita plataforma situaríase a uns 152 m ao NNW do devandito xacemento da Mámoa da Cruz de Queiroa 1.
- No que atinxe aos ámbitos onde se proxecta implantar os aeroxeradores SOL-01, SOL-02, SOL 03 e mais a SET e a zona de acopios, sitúanse fóra dos contornos de protección de 200 m dos xacementos arqueolóxicos existentes, pero en espazos relativamente próximos e intermedios a estes. A este respecto, cómpre sinalar que estes ámbitos poden ser espazos arqueolóxicos potenciais para a presenza de xacementos vinculados a túmulos prehistóricos, nos que os niveis arqueolóxicos fértiles détectanse na transición das capas de terra ao substrato, ou sobre o mesmo horizonte C, sendo dificultoso delimitalos en superficie. Por tanto, o control e seguimento arqueolóxico neses ámbitos potenciais deben ter unhas condicións concretas.
- Por outra banda, é necesario ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas



veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia deste tipo de bens non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio.

- No que atinxe ao patrimonio arquitectónico e etnolóxico, estímase que as modificacións propostas polo promotor non introducen cambios significativos na avaliación de impacto sobre este patrimonio cultural.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

Á vista do exposto, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, emítese un **informe favorable** dos cambios introducidos no deseño do Parque eólico Solpor e reflectidos na Memoria refundida da Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio Cultural -asinada polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar-, e coas medidas protectoras e correctoras propostas nela, e tendo en conta ademais as seguintes condicionantes e consideracións:

- Minimizaranse ao máximo posible os movementos de terras nas obras de acondicionamento dos viais de acceso aos aeroxeradores SOL-01, SOL-02 e SOL-03 naqueles tramos que se sitúan dentro dos contornos de protección de 200 m dos xacementos arqueolóxicos afectados. Os movementos de terras necesarios realizaranse no lado contrario das pistas en relación a onde se sitúan os xacementos arqueolóxicos.
- Sen prexuízo do anterior, e previo ao inicio das obras, deberán realizarse sondaxes arqueolóxicas de carácter manual nos ámbitos anteriormente indicados nos que sexa necesario sanear o terreo, e por tanto, removelos, facer desmontes e escavar. A tal fin, e previo ao inicio dos traballos deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997). Segundo os resultados destas sondaxes arqueolóxicas, a DXPC valorará a viabilidade das obras proxectadas nesas zonas, ou a necesidade de establecer outras medidas protectoras e correctoras para protexer o patrimonio cultural.
- Asemade, teranse en conta as seguintes medidas protectoras e correctoras:
 - Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997).
 - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar consigo o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra no contorno de protección de 200 m dos bens arqueolóxicos documentados ou de calquera outro xacemento que poida aparecer durante as fases de replanteo, rozas de vexetación e obras de construción.
 - Nos ámbitos onde se proxecta implantar os aeroxeradores SOL-01, SOL-02, SOL 03 e mais a SET e a zona de acopios, o seguimento arqueolóxico tamén será presencial, continuo e a pé de obra para as rozas de vexetación. A este respecto, e ao abeiro do proxecto de control e seguimento arqueolóxico das obras, realizaranse decapados mecánicos dos niveis artificiais intercalando limpeza manuais destes así como dos perfiles xerados nas superficies onde se proxectan as devanditas infraestruturas, que serán dirixidos e coordinados polo equipo arqueolóxico de seguimento, quen establecerá o ritmo no avance das remocións de terras para realizar unha correcta documentación e rexistro destes niveis. No caso de que se constate a existencia de



restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos, o que poderá dar lugar ás modificacións e medidas protectoras e correctoras oportunas.

- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda. Esta avaliación do impacto terá en conta o seguinte:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan Básico Autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
 - Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.

Respecto do Proxecto sectorial

- Deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes para que haxa correspondencia entre todos os documentos, proxecto executivo, estudo de impacto ambiental e proxecto sectorial. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección, e definir e cartografiar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.



Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

